



EXCMO. CONCELLO DE  
**BAIONA**



Ola nenos e nenas do concello de Baiona, son Carlos Gómez, o alcalde do voso pobo.

Vouvos a contar unha cousa;

O 14 de marzo, a historia de Baiona e doutras cidades cambiaron e tamén a forma de vivir de todos nós, de súpeto empezamos a escoitar que un tal coronavirus estaba por moitas zonas do mundo e que tiñamos que cambiar moitas cousas para poder coidarnos e que o coronavirus fósese.

Todos nos asustamos un pouquiño, e vouvos a dicir a verdade, eu asústeme, porque ademais de pensar en que eu me tiña que coidarme, tiña que pensar que vos tiña que coidar a todos os nenos e nenas, a todos os vosos papas, avós, curmáns, a todas as persoas que vivimos en Baiona.

Si me asuste; pero enseguida collín forzas para poder, coa axuda de moita outra xente, coidarvos.

De súpeto deixastes de ir ao cole, de estar cos vosos compis e profes, de poder ir ao parque, de practicar o voso deporte favorito, de poder xogar cos vosos curmáns, de celebrar cumpres, de abrazar aos vosos avós, porque mamá e papá explicáronvos que non se podía e todos vós, si os nenos e nenas de Baiona, sen protestar e portándovos moi ben non volvestes saír de casa.

Quero que saibades que estou moi pero que moi orgulloso de todos vós, que nos estades axudando moito aos maiores a gañar a batalla ao coronavirus, que sodes un exemplo para todos. Os meus nenos e nenas seguir así, portándovos ben, obedecendo a mamá e a papá, seguir facendo os deberes e aprendendo moito, gozando dunha forma diferente do voso tempo de lecer, pero o máis importante non deixedes de rirvos e ser felices.

Póñome á vosa disposición por si queredes contarme algo, por exemplo como o estades pasando, se tedes algunha pregunta, calquera cousa que queirades dicirme e para iso facilítovos este correo electrónico: [concelleria.cultura@baiona.org](mailto:concelleria.cultura@baiona.org)